



Novas de Mesía

CULTURA E DEPORTE

O PAXE REAL NOS COLEXIOS

As Escolas Unitarias de Olas e Visantoña e o CPI de Xanceda recibirán a visita do Paxe real o próximo **21 de decembro**, quen se encargará de recoller as cartas para os Reis Magos e entregará caramelos a todos os nenos e nenas de infantil e primaria.

AGASALLARTE XOVE

Un ano máis volve por estas datas o Programa Agasallarte, cun obradoiro de FIMO no que poderás crear pendentes, pulseiras, colgantes,... e moito máis, rodeados de xente nova coma ti!

Día: Xoves 29 de decembro.

Horario: De 16:30 a 18:30 h.

Lugar: Casa da Cultura.

Prezo: 6 €. Gratuito para as persoas que teñan carné xove.

Inscricións: Se tes máis de 12 anos podes anotarte antes do 23 de decembro na Casa da Cultura.

CACHIBOL DE NADAL

Horario e lugar: O 23 de decembro de 12:00 a 13:30 h. no Pavillón de Visantoña e o 5 de xaneiro de 11:00 a 12:30 h. no Pavillón de Olas.

Actividade gratuíta e aberta a todo o que queira, non só aos anotados no cachibol anual.

É aconsellable ir en compañía de fillos, netos, outros familiares e veciños, para que o xogo sexa máis divertido.

FESTA DE REIS

Día: Xoves 5 de xaneiro de 2017.

Horario e lugar: De 16:30 a 20:00 h. no **Pavillón de Visantoña**.

Os Reis Magos farán unha parada no noso Concello para entregar caramelos e agasallos a todos os nenos e nenas. Todo isto nun ambiente festivo con inchables, xogos, talleres etc. e onde poderemos disfrutar do tradicional roscón de Reis.

Inscricións: Anotarse antes do 30 de decembro na Casa da Cultura para que os Reis conten convosco.

NOTA: Pregamos **NON** ir en **ZAPATOS DE TACÓN** debido ás características do novo chan.

“COAS TÚAS MANS” - CESTERÍA

Continuando co Programa “Coas túas mans”, este próximo trimestre estará dedicado á CESTERÍA, polo que no caso de estar interesados/as aínda podedes anotarnos.

Días: 16 e 30 de xaneiro, 13 e 27 de febreiro de 2017.

Horario: 16:00 a 19:00 h.

Lugar: Casa da Cultura.

Prezo: 45 € (Curso de 12 h. Material incluído)

Inscricións: Anotádevos antes do 30 de decembro na Casa da Cultura. Últimas prazas.

SAÍDAS

EXCURSIÓN: PATINAXE SOBRE XEO E CINE

Día: Martes, 27 de decembro.

Horario: De 10:30 a 19:30 h. (saída e chegada aproximada á Casa da Cultura).

Idade: Para patinar, a partir de 5 anos. Os menores de 12 anos deben ir cun adulto; para os demais, os pais terán que asinar unha autorización.

Características: Patinaxe no Marinada City. Levar luvas (obrigatorias), pantalón e calcetíns de reposto.

Comeremos neste centro comercial. A comida non está incluída. Pódese levar da casa ou mercala alí.

Prezo: Patinaxe: 3,50 € para todos; Cine: 3 € para nenos, 4 € para os adultos que acompañen aos nenos. Cine no Espacio Coruña.

Pagarase antes do día da saída.

INSCRICIÓNS: ata o 17 de decembro na Casa da Cultura.

SAÍDA AO XUVENLUGO (LUGO)

Día: Martes, 3 de xaneiro.

Hora: De 15:00 a 21:30 h. (Saída e chegada: Casa da Cultura)

Idade: Todas as idades. **Importante:** Os menores de 10 anos deberán ir cun adulto que se responsabilice deles. Para os demais, cómpre autorización asinada dun proxenitor.

Prezo: 4 € para nenos e adultos acompañantes.

Características: Visita ao Salón de Ocio Infantil e Xuvenil situado no Pazo de Congresos de Lugo. Atraccións de todo tipo e tamén un espazo infantil para os máis pequenos (de 0 a 3 anos). Hai outras como minigolf, karts ou piscina con barquiñas DE PAGO.

Observacións: Pódese levar un bocadillo para merendar ou merca-lo en Xuvenilugo.

INSCRICIÓNS: Ata o 23 de decembro na Casa da Cultura. PRAZAS LIMITADAS!

XUNTANZA DO NADAL

Día e hora: Sábado 17 de decembro ás 14:00 h.

Lugar: Restaurante “O Cadaval” (Pontecarreira).

Prezo: 25 €. As persoas non censadas pagarán 28 €

Información e inscrición: Anotarse ata o 14 de decembro no departamento de Servizos Sociais; teléfono 981 68 72 38. Mínimo 50 asistentes.

DEPORTE SOLIDARIO

IX TORNEO SOLIDARIO DE FÚTBOL SALA: MESÍA CONTRA O CANCRO

Días: Venres 23 e 30 de decembro de 2016.

Horario e lugar: A partir das 20:00 h. no Pavillón de Olas.

Inscripcións equipos:

En elenarocamoro@concellodemesia.gal, por rigorosa orde de inscrición, ata o 15 de decembro.

As EMPRESAS que queiran aparecer no cartel coma colaboradores, teñen de prazo ata o 4 de decembro.

A FURNA DE DOAZÓNS xa está no Concello para entregar aló os donativos, ou nos mesmos días do torneo xa no Pavillón.

Todo o recadado coas achegas de particulares, empresas, equipos e asociacións será entregado á Asociación Española Contra el Cáncer.

II TORNEO INFANTIL MESÍA SOLIDARIA

Día: Venres 30 de decembro.

Horario e lugar: 11:00-14:00 h. e 16:00 - 19:00 h. no Pavillón de Olas. (O horario pode modificarse en función dos equipos inscritos).

Torneo solidario de fútbol sala para recadar ALIMENTOS PARA FAMILIAS NECESITADAS (para Cáritas da Comarca) e cartos a favor da ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, AMARAI, de Boimorto.

PREZO DA INSCRICIÓN e da ENTRADA: 1 Kg de comida por participante e persoa do público (lembrade que deben ser produtos non perecedoiros) ou 1 € para doar a AMARAI.

Dúas categorías Benxamín de 6 a 10 anos e Infantil de 11 a 14 anos.

Inscricións ata o 22 de decembro en elenarocamoro@concellodemesia.gal

Máis info na web e facebook Deporte Concello Mesía.

AVISOS

RENOVACIÓN DO DNI

A unidade móbil para a renovación e expedición do Documento Nacional de Identidade estará en Ordes a principios de ano. As datas aínda están sen confirmar. Máis información no concello.

HORARIOS NADAL CONCELLO E CASA DA CULTURA

Os sábados 24 e 31 de decembro de 2016 o Concello permanecerá cerrado.

O venres 30 de decembro de 2016 e o xoves 5 de xaneiro de 2017 a Casa da Cultura permanecerá pechada.

INSCRICIÓN E PAGOS DAS ACTIVIDADES

Para asistir ás actividades (agás curso de fitosanitarios e manipulador de alimentos) debédesvos anotar na Casa da Cultura e, unha vez confirmada a praza, ingresar o custe da actividade na conta que o Concello ten na entidade ABANCA. Despois debedes entregar o recibo de pago no Concello ou na Casa da Cultura.

EDUCACIÓN - FORMACIÓN

CURSO DE APLICADOR DE FITOSANITARIOS

Curso orientado a persoas que traballen en explotacións agrícolas, viveiros... pero tamén para todos os particulares que deban usar estes produtos.

Este curso é imprescindible para poder acceder ó exame para obter o carné de aplicador de fitosanitarios.

Horario: Sábados e domingos de 09:00 a 14:00 h. Comezo o sábado 14 de xaneiro.

Días: 14, 15, 21,22, 28 e 29 de xaneiro.

Prezo: 90 € cun mínimo de 15 alumnos/as.

Inscripcións: Ata o 23 de decembro na Casa da Cultura.

INFORMÁTICA BÁSICA PARA ADULTOS

A mediados de xaneiro comezará o curso de informática básica na Casa da Cultura. Se estades interesados/as quedan prazas dispoñibles.

Horario: Mércores de 21:00 a 22:30 h.

Días: 18, 25 de xaneiro e 1, 8, 15 e 22 de febreiro

Prezo: 20 € **Inscripcións:** Antes do 30 de decembro na Casa da Cultura.

CURSO DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS

No mes de marzo farase unha nova convocatoria para obter o carné de manipulación de alimentos.

Data e horario: Sábado 18 de marzo, 10:00-14:00 h.

Prezo: 25 € cun mínimo de 12 alumnos/as.

Inscripcións: Ata o 3 de marzo na Casa da Cultura.

ECOBAÚL

OBRADOIRO DE CONSERVAS

Volve unha nova edición do programa ECO-BAÚL co exitoso obradoiro de conservas, onde poderemos aprender técnicas para gardar os alimentos en conservas.

Día e horario: Sábado 14 de xaneiro, 10:30 - 13:30 h.

Lugar: Casa da Cultura. **Prezo:** 5 €

Inscripcións: Anotarse na Casa da Cultura do 22 de decembro ao 5 de xaneiro. Prazas limitadas.

CURSO DE PODA E ENXERTOS

No mes de febreiro comezaremos cunhas xornadas formativas sobre a poda de árbores e enxertos.

Días e horarios: Sábados de 09:00 a 15:00 h. Comezará o sábado 4 de febreiro.

Lugar: Casa da Cultura e unha leira municipal.

Duración: 30 horas. **Prezo:** 40 €

Anotarse na Casa da Cultura antes do 20 de xaneiro. Mínimo 15 persoas.

O alcalde, toda a corporación do Concello de Mesía e os/as traballadores/as municipais deséxanlles Bo Nadal e un Feliz Aninovo 2017.



Concello de Mesía

